



Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 28 de marzo ao 5 de abril 2026

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística: Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación: Sirgo Torcendo

Maquetaxe: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplásón S.L.

Asistencia á produción: Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime: Gráficas Garabal S.L. e Lápicos 4

De Lugares e Órganos abre de novo as portas da cidade a unha programación que une herdanza e vangarda arredor dun dos nosos patrimonios máis valiosos: os órganos de Compostela. Durante o tempo da Semana Santa terán lugar, en diversas localizacións da cidade, concertos, encontros para a conversa e a música, actividades arredor do cinema e percorridos polas rúas, que nos permitirán coñecer o presente e tamén o pasado do que foi, no ámbito organístico, un importante centro musical.

Poderemos gozar de música barroca europea canda outras músicas que nos chegaron do alén mar, de improvisacións e creacións inéditas inspiradas na escrita de Luigi Pirandello e da reestrea da obra *A verba*, de Javier María López, composta en 2018 para o órgano da Universidade e que, con nova instrumentación, se desenvolverá ademais coa participación do público.

Unha programación, coma sempre, diversa e aberta, na idea de crear espazos para unha escoita atenta que permita deixar libres as emocións; lugares para o encontro entre artistas e cidadanía e lugares de memoria e patrimonio. E todo da man das congregacións relixiosas, institucións e persoas que xenerosamente acollen este programa nos seus espazos.

Deixemos que os órganos continúen a ser inspiración, con confianza na capacidade da cultura para nos unir.

Agardámosvos onda os órganos.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela




Máis alá do seu nome, De Lugares e Órganos naceu coa vocación de situarse alén do arquitectónico e musical e, aínda marcado polo momento do ano no que ten lugar, foi conformándose como un espazo compartido no que caben por igual música, reflexión, pensamento crítico e emoción estética.

Os órganos de Compostela naceron nun contexto claramente relixioso. Mais o seu son transcendeu séculos e tempos convulsos e resistiu para dar exemplo dunha serena maneira de estar no mundo que segue a conciliar sensibilidades diversas arredor da música, sen excluír, sen impor nada, na experiencia dunha escoita compartida nun tempo, máis que nunca, cheo de desafíos.

Estes instrumentos e a súa música proporcionan un ámbito de espello e resonancia do mundo e das súas contradicións, no que non se trata de simplificar o que é complexo e no que as disonancias atopan o seu lugar a través de sons que abren horizontes, conmoven e mesmo poden sacudir a conciencia. E non como privilexio, senón como parte do cotián: un lugar no que persoas diferentes, crentes ou non, de aquí e de fóra, curiosas ou conformistas, cadaquén coas súas inqedanzas e saudades, poidan compartir un mesmo tempo de música. Este foi o espírito deste proxecto, e nel se mantén grazas á colaboración de todas as persoas que o fan posible e dun público con ganas de coñecer e deixarse sorprenden por uns instrumentos de gran valía, tamén no simbólico.

Pode que a música non traia solucións aos problemas, pero pode incitar a pensar neles e abrir perspectivas e, cando menos, crear espazos para pousar no medio do desacougo e escoitar sen máis. Compostela pode estar orgullosa de ter atopado nos seus órganos un elo que tece, cada primavera, esa cadea de encontro.

Belén Bermejo López
Directora artística de De Lugares e Órganos



> CONCERTO INAUGURAL

DENDE O ÓRGANO

Sábado 28 de marzo, 20.00 h, igrexa de San Domingos de Bonaval

Páx. 10

> CONCERTO

MELODÍAS EN BUSCA DE AUTOR: RELATO, ESCOITA

Domingo 29 de marzo, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

Páx. 12

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

PROYECCIÓN NA SALA NUMAX: ORDET (A PALABRA, CARL THEODOR DREYER, 1955)

Luns 30 de marzo, 19.00 h

Páx. 22

> OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

MEMORIA SILENTE: OS ÓRGANOS DE COMPOSTELA DE FÓRA

Martes 31 de marzo, 11.00 h, porta do viño, arco de Mazarelos

Páx. 26

> CONCERTO

NEL LABIRINTO DEGLI AFFETTI. AFECTOS EN TRÁNSITO NO SEICENTO ITALIANO

Mércores 1 de abril, 20.00 h, igrexa de San Miguel dos Agros

Páx. 14

> CONCERTO

DIC NOBIS SPIRITUS. REESTREA DE A VERBA (UNHA OBRA PARTICIPATIVA DE JAVIER MARÍA LÓPEZ)

Venres 3 de abril, 20.00 h, igrexa da Universidade

Ás 19.00 h, preparación para a escoita

Páx. 16

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

ENCONTRO CON MANUEL VILAS, ESPAGO DE MÚSICA EN VIVO E CONVERSA

Martes 31 de marzo, 19.00 h

VIDE,VIDE! Espazoencultural, Rúa da Fonte de Santo Antonio, 10

Páx. 24

> CONCERTO

CIDADES DE OURO E PRATA. MÚSICA ENTRE ESPAÑA E O VICERREINADO DO PERÚ

Domingo 5 de abril, 20.00 h, igrexa do convento do Carme

Páx. 20

> ESPAZOS

IGREXA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL

Páx. 28

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 30

IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Páx. 32

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 34

IGREXA DO CONVENTO DO CARME

Páx. 36



Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación no despacho de billetes da Zona C, Punto de Información Cultural, A PARTIR DO MARTES 24 DE MARZO (Preguntoiro, nº 1, Praza de Cervantes, aberto de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h. Teléfono 981 542 462).

De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo. As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización resér-

vase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

A apertura de portas terá lugar aproximadamente media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades.

A asistencia á proxección na NUMAX ten un custo de 4 €. Pódense mercar entradas anticipadas no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal.





BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÚSICA

Igrexa de San Domingos de Bonaval

Sábado 28 de marzo, 20.00 h

DENDE O ÓRGANO *

* EN COLABORACIÓN COA TEMPADA 2025/26, ESCOITA, SINTE E DESFRUTA, DA BANDA MUNICIPAL.

De Lugares e Órganos inicia, con este concerto inaugural na súa 11ª edición, unha liña de colaboración coa Banda Municipal de Santiago. Será cun concerto sen órgano, mais os seus rexistros e sonoridades estarán representados a través dos instrumentos da banda, unha formación habitualmente concibida como un grande órgano, no que cada tubo ten detrás un artista singular responsable dun timbre e dunha voz propios, que fan posible o son.

O programa traza así un paralelismo entre o gran instrumento de tubos e a icónica orquestra de ventos, cun variado repertorio integrado por obras orixinais para órgano, transcritas e adaptadas para banda, xunto con pezas que ofrecen diferentes perspectivas para un achegamento ao rico universo

do chamado *rei dos instrumentos*. Nel estarán presentes as sonoridades do órgano barroco, a través da inmortal obra de Bach, en contraste coa singularidade tímbrica do órgano moderno, tan característica de finais do século XIX, representada na colección de corais de Vaughan Williams. A música de Julio Gómez —director honorífico da Banda Municipal de Santiago na década de 1950— permitirá un achegamento simbólico ao instrumento a través do poema sinfónico *Maese Pérez el organista*, inspirado na obra literaria homónima de G. A. Bécquer. O concerto péchase cunha obra orixinal para banda do compositor británico Philip Sparke, inspirada nas pasaxes máis coñecidas da *Sinfonía nº 3*, con órgano, de C. Saint-Saëns.

David Fiúza, dirección



ELIOT X. DIOS & RAHEL BOELL

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Domingo 29 de marzo, 20.30 h

MELODÍAS EN BUSCA DE AUTOR: RELATO, ESCOITA

Que pasaría se as melodías tivesen conciencia? E se fosen elas as que escollesen en que mente facerse sentir e en que mans tomar forma? Este concerto, inspirado na coñecida obra teatral de Luigi Pirandello, concíbese como unha proxección sonora dunha idea: a de ofrecer unha visión do mundo desde o punto de vista dunha melodía.

O clavecinista e organista Eliot X. Dios e a violinista Rahel Boell presentan un singular programa que combina obras de Couperlein, J. S. Bach ou François Francœur con improvisacións e creacións inéditas. Neste diálogo, caracterizado por unha fonda intensidade interpretativa e un refinado dominio estilístico, as melodías convértense en auténticas personaxes sonoras: cambian, medran e reinvéntanse

nos instrumentos que as acollen. O concerto constrúe así unha narrativa íntima, onde cada melodía revela a súa identidade a través do relato, da escoita e da transformación.

Eliot Xaquín Dios, gaiteiro, pianista, clavecinista, organista e compositor nacido no Porto do Son, é unha das voces máis destacadas da nova xeración galega da música antiga. Formado en Galicia e especializado en cravo, baixo continuo, improvisación e composición histórica na Haia, destaca pola súa capacidade para integrar tradición e creatividade nunha interpretación expresiva e profundamente persoal.

Eliot X. Dios, órgano e cravo
Rahel Boell, violín



© Nicolas Leroux

ENSEMBLE CANTILLO

MÚSICA

Igrexa de San Miguel dos Agros

Mércores 1 de abril, 20.00 h

NEL LABIRINTO DEGLI AFFETTI. AFECTOS EN TRÁNSITO NO SEICENTO ITALIANO

O Ensemble Cantillo, fundado por Verena Grundner, nace en 2023 como conxunto barroco residente dos Barocktage da Stift Melk, na Baixa Austria. Trátase dun grupo de intérpretes multiinstrumentistas de vento en combinación con instrumentos de tecla que, a pesar da súa mocidade, posúen xa unha longa experiencia concertística, iniciada durante os anos de estudos en Viena, con numerosos proxectos dentro e fóra de Austria. O *ensemble* destaca pola súa capacidade para combinar música antiga con outros xéneros como o jazz, o pop e as artes escénicas. En 2026 presentarán o seu proxecto *Circo Musical Cantillo*, onde música antiga e acrobacia conviven en escena, nunha aposta por crear novas experiencias musicais vivas e accesibles ao público.

O programa de hoxe artéllase arredor de tres dos afectos característicos da música italiana do *Seicento* —o festivo, o salvaxe e o melan-

cólico—. A viaxe comeza cunha atmosfera luminosa co esplendor do *Ballo del Granduca*, un dos *ostinati* máis célebres do primeiro Barroco, seguido de pezas como a *Tocatta cromática* ou unha *Folia*, cheas de movemento, contrastes e vitalidade rítmica. A partir de aquí o programa avanza cara a cores máis escuras e recollidas, que van deixando espazo para a melancolía. O tránsito entre luces e sombras e a intensidade expresiva da música entrelázanse de maneira natural, convidando a unha escoita atenta e aberta ás transformacións do ánimo nun verdadeiro labirinto de afectos.

Verena Grundner, fruta de bico,
guitarra renacentista

Patricia Nägele, fruta de bico

Petra Szovák, fruta de bico, fagot barroco

Marco Primultini, órgano, cravo



DIC NOBIS SPIRITUS

MÚSICA

Igrexa da Universidade

Venres 3 de abril, 20.00 h

Ás 19.00 h, preparación para a escoita: conversa co autor, con Óscar Valado Domínguez e Xan Gómez Viñas

REESTREA DE A VERBA (UNHA OBRA PARTICIPATIVA DE JAVIER MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ)

A secuencia do Domingo de Pascua *Victimae paschali laudes* —da que forma parte o célebre diálogo “Dic nobis, María, quid vidisti in via?” (“Dinos, María, que viches no camiño?”)—, xunto coa palabra *spiritus* na súa acepción etimolóxica de “sopro”, permiten trazar un fío narrativo entre a variedade de obras e instrumentos de vento que soarán ao longo do concerto. Nel conflúen tradicións profundamente enraizadas na polifonía medieval e renacentista coa obra *A verba*, composta por Javier María López, na que a audiencia terá un activo papel. Obras canónicas de orixinalidade e intensidade maravillosas alternan con recursos puramente tímbricos e exercicios de improvisación, elemento este último, esencial na tradición organística.

A verba, estreada no festival De Lugares e Órganos en 2018, está inspirada na obra teatral *Ordet*, do dinamarqués Kaj Munk, levada ao cine por Carl Theodor Dreyer en 1955. A peza, agora cunha nova instrumentación e contidos musicais, explora a tímbrica do órgano e dos instrumentos de vento, ao tempo que evoca a escritura polifónica dos autores renacentistas. Unha paraxe pascual na que *A verba* fai confluír a secuencia, o drama e a creación musical, construíndo un relato sonoro que prelude a esperanza do renacer.

Con anterioridade ao concerto, teremos a oportunidade de participar nun panel de conversa co autor da obra para coñecer máis sobre o significado da peza e a súa relación coa

película na que se inspira. Ademais, formará parte da charla Xan Gómez Viñas, experto en cinema, así como o teólogo e director musical da catedral de Santiago, Óscar Valado Domínguez, que nos achegarán algunhas das claves para entender tanto os aspectos cinematográficos e teolóxicos que están na base do filme de Dreyer, como da composición de Javier María López.

Marta López Fernández, órgano

Verena Grundner, frutas de bico

Patricia Nägele, frutas de bico

Petra Szovák, frutas de bico

Andrés Díaz Pazos, frutas de bico e arranxos

Javier María López Rodríguez, composición
e dirección





ARS ATLÁNTICA

MÚSICA

Igrexa do convento do Carme

Domingo 5 de abril, 20.00 h

CIDADES DE OURO E PRATA. MÚSICA ENTRE ESPAÑA E O VICERREINADO DO PERÚ

O *ensemble* Ars Atlántica, dirixido polo arpista Manuel Vilas, presenta en primicia para a clausura do festival *Cidades de Ouro e Prata*, un proxecto nacido dun coidadoso labor de investigación que recupera un patrimonio musical fermosísimo e case esquecido. O programa percorre músicas dos séculos XVII, XVIII e XIX, nun diálogo vivo entre a Península Ibérica e o antigo Vicerreinado do Perú. Repertorios sacros en latín e quechua —procedentes de cidades como Ayacucho e Cuzco—, músicas do ámbito vicerreinal andino como *yaravies* e un singular *harawi* de tradición incaica, conviven neste concerto cheo de contrastes, cor e memoria. Inclúense tamén obras procedentes do arquivo musical do Seminario de San Antonio Abad de Cuzco, unha das fontes máis valiosas para coñecer a música peruana.

O elenco instrumental ofrecerá unha ampla paleta sonora, con instrumentos que gozaron dunha notable presenza no Perú vicerreinal: desde o órgano de tubos até a arpa peruana e a omnipresente guitarra, que definiron o son do Barroco hispano a ambos lados do Atlántico.

Magali Revollar, Diego Blázquez, voces
Marco Brescia, órgano
Sara Ruíz, viola da gamba
Aland López, guitarra
Manuel Vilas, arpa vicerreinal peruana e
dirección

O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

Para aquelas persoas que queiran afondar nos contidos da programación, coñecer de preto os artistas, catar un pouco daquilo que imos ver e escoitar e acadar outras perspectivas desde as que poder contemplar os lugares e os instrumentos, o órgano sae novamente á rúa con pequenas iniciativas e encontros para

PROXECCIÓN NA SALA NUMAX:

ORDET (A PALABRA, CARL THEODOR DREYER, 1955)

Luns 30 de marzo, 19.00 h

A *palabra* é unha adaptación da obra teatral do dinamarqués Kaj Munk, pastor luterano e figura clave da resistencia espiritual contra o nazismo, asasinado pola Gestapo en 1944, que foi levada ao cinema maxistralmente por Carl Theodor Dreyer e premiada co León de Ouro en Venecia. A acción desenvólvese nunha pequena comunidade rural dinamarquesa e xira arredor dunha familia marcada pola tensión entre fe, razón e desesperanza. O filme explora o misterio da palabra como forza xenuinamente performativa: unha palabra que non describe nin acompaña, senón que actúa, que transforma e fai ocorrer o que ocorre. O estilo visual de Dreyer, austero e hipnótico, cunha luz de interiores que lembra á pintura de Vilhelm Hammershøi, crea unha atmosfera

de gozo de momentos inesquecibles, nun ambiente distendido e en comunidade, ao longo da cidade de Compostela.

Anímaste a saír á rúa cos órganos?
Agardámoste!

de espera, contemplación e misterio para un dos finais máis intensos e conmovedores da historia do cinema.

A proxección deste filme enmárcase no contexto da reestrea de *A verba*, de Javier María López, composta en 2018 e titulada a partir da obra de Dreyer. A peza establece un diálogo estético co filme, enmarcado nunha proposta construída arredor da secuencia *Victimae paschali laudes*, que lle dá unidade ao programa no que se insire.

Idioma: dinamarqués

Subtítulos en galego (co apoio da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia)

Duración: 126 min



O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

ENCONTRO CON MANUEL VILAS, ESPAZO DE MÚSICA EN VIVO E CONVERSA

Martes 31 de marzo, 19.00 h

VIDE, VIDE! Espazoencultural,
Rúa da Fonte de Santo Antonio, 10

Un espazo de conversa, preparación para a escoita e música en vivo co arpista e investigador Manuel Vilas, que nos permitirá coñecer máis a fondo os contidos do programa que será interpretado o domingo, *Cidades de ouro e prata*, así como as músicas que nos chegaron do período do vicerreinado do Perú. A sesión combinará explicacións directas do intérprete con pequenos exemplos en vivo, creando un diálogo entre palabra e son que facilitará unha escoita máis profunda e consciente do concerto de clausura na igrexa do Carme.



MEMORIA SILENTE: OS ÓRGANOS DE COMPOSTELA DE FÓRA

OUTRAS PAISAXES,
OUTROS TONS DA CIDADE

Data e hora: martes 31 de marzo, 11.00 h
Lugar de encontro: porta do viño, arco de Mazarelos
Para asistir á ruta é preciso retirar invitación.

Na Idade Media fundáronse, fóra do perímetro amurallado da cidade de Santiago, tres mosteiros: Santa María de Conxo, Santa María do Sar e San Pedro de Fóra. Co paso dos séculos, a documentación conservada dá noticia da existencia dun órgano en dous deles: en Conxo e no Sar. Tomando como punto de partida esta presenza monacal extra muros, e logo de recordar brevemente a historia destes espazos, exploraremos a profunda relación entre o órgano e as ordes relixiosas —un vínculo que segue vivo na actualidade—, e comentaremos o que sabemos destes instrumentos desaparecidos e dos mestres que os construíron.

O evento principal terá lugar na colexiata do Sar, onde finalizaremos cunha pequena intervención musical que lle devolverá ao templo o son dun órgano portátil, recuperando simbolicamente os sons que puideron escoitarse outrora nestes espazos.



SAN DOMINGOS DE BONAVAL

Trátase dun antigo convento dominico, hoxe sede do Museo do Pobo Galego, fundado segundo a tradición polo propio San Domingos, durante a súa peregrinación a Compostela no ano 1219. O convento foi reedificado entre os séculos XVII e XVIII grazas á munificencia do arcebispo de Santiago, frei Antonio de Monroy, que pertencía a esta orde. A partir de 1695 participará nas obras Domingo de Andrade. A primitiva igrexa gótica comezouse a construír no século XIII e o conxunto actual mantén parte da antedita igrexa con posteriores reformas dos séculos XVI, XVII e XVIII.

A parte do coro, edificada nas reformas dos séculos XVII e XVIII, aínda conserva á súa esquerda o balconciño onde se situaba o órgano. Probablemente foi construído a comezos do século XVIII, coincidindo coa reforma impulsada por Monroy. Este órgano sobreviviría ata a desamortización e debeu desaparecer nalgun intre ao longo do século XIX, cando o convento pasou por diversos usos civís. Sobre el consérvanse algúns datos moi interesantes, dos máis temperáns da historia da organaría compostelá. En 1540, Pedro Vélez, mestre construtor de órganos e organeiro da Catedral, referenda algúns acordos dos anos 1533 e 1539 para levar o mantemento do órgano de San Domingos, que fora entregado ao mosteiro polos confrades da confraría do Ro-

sario, “para que con ellos tañesen e serbiesen todas las oras, misas, visperas (...) e ademas dello para que cada un año se tengan a la procesion de Corpus Christi”. Non queda claro na documentación se nese momento había só un ou dous órganos, un do propio mosteiro e outro para o servizo da capela do Rosario.

Por outro lado, algúns organistas de Bonaval gozaron de certo prestixio na cidade. Así, frei Luis de Santa Ana será o encargado de facer a relación das características técnicas do instrumento que as súas compañeiras de Belvís constrúen en 1792. No século seguinte, en 1826, un frade deste mosteiro de nome José Doncos pasaría tres meses no mosteiro das dominicas de Valdeflores, en Viveiro, ensinándolle a unha noviza de nome Tarraxeira, polo que percibiu 300 reais de propina. En 1848, estando xa exclaustrado, encárgase de revisar a reparación feita no órgano do Hospital Real. Todos estes datos non deixan de ser unhas poucas faragullas dunha actividade musical e organística que perdurou durante moitos séculos en Bonaval. Dela só queda hoxe, como mudo testemuño, o citado balconciño coa súa reixa e o imponente facistol, rescatado in extremis do faiado, onde estaba desmontado, por Xaquín Lorenzo ao pouco de iniciar a súa andadura o museo.



IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración en 1974 a cargo do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha “peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois”.

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior,

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada *cadereta* interior, que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que lle permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na *cadereta*, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organaría no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construída ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organaría peninsular.



IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Non é frecuente no noso país atopar órganos nas igrexas parroquiais. O órgano é un instrumento caro, tanto de fabricar como de manter, xa que require unha man de obra moi especializada. Amais, obriga ao pagamento dun organista. Os poucos que atopamos están localizados, xeralmente, naquelas vilas nas que o concello contribuía dalgunha maneira ao ornato da parroquia por mor dun maior esplendor das festas relixiosas nas que participaba. Tamén, cara a mediados do século XIX, as parroquias máis ricas das cidades comezan a ter o seu órgano. En Compostela, a moi antiga parroquia de San Miguel tiña unha economía saneada en virtude da acumulación de doazóns e fundacións da súa freguesía e, daquela, no século XIX, puido afrontar o gasto de contar cun órgano.

Trátase neste caso dun órgano de proporcións modestas, pero axeitado para o templo no que se atopa. Foi construído polo daquela era organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Mernies, en 1842, e foi restaurado en 2001 polo taller de organaría dos irmáns Desmottes. Responde en todo ao prototipo

de órgano barroco ibérico que se asentaría na Península cara a fins do século XVII. Construíuse o órgano ao tempo que se remodelaba a igrexa, ao que contribuíu activamente o seu párroco, Xosé Velázquez Carbajal. O contrato foi outorgado o 9 de novembro de 1841 e nel, amais dos rexistros dos que debía constar o instrumento, especificábase o seu custo: 11.500 reais. O órgano estaba rematado en agosto de 1842, cando se lle fai o último pago ao organeiro e se lle dá unha propina de 500 reais. Mernies, canda o seu oficial José Linares, seguiría encargándose do mantemento e afinación do órgano, e mesmo da reposición dalgún cano roubado, até a súa morte en 1853. A fins do século XX o instrumento estaba moi deteriorado e totalmente inutilizable. Tivo que ser, de novo, outro teimudo clérigo -o daquela párroco, don Jaime López Ramón- quen, non sen moito pelexar, lograse xuntar os cartos precisos para a súa restauración. E é grazas á colaboración de todas esas persoas, conectadas polo seu amor á música a través de tres séculos, que hoxe podemos gozar de novo deste fermoso e nobre instrumento.



IGREXA DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que esta igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun órgano positivo (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros), feito que parece indicar que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real Pedro Liborna Echevarría. Sanz xa traballara en Galicia, entre 1773 e 1778, na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de Santiago de Padrón. A

obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que lle dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos salarios dos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesan local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da catedral, Pedro Méndez de Mernies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organaría histórica galega.



IGREXA DO CARME

O convento de clausura das Carmelitas Descalzas é un dos máis tardíos dos construídos na cidade de Santiago. Data do ano 1758, e foi fundado por María Antonia de Xesús, nada en Curtis en 1700 e membro dunha rama menor da nobreza galega (o seu nome no mundo era María Antonia de Pereira y Andrade). María Antonia, que chegou a casar e ter dous fillos, aprenderá a ler e escribir de xeito autodidacta aos 28 anos. O manuscrito da súa autobiografía describe unha vida e evolución espiritual imposibles de condensar en poucas liñas, ao final das que cumprirá a súa principal arela: profesar e fundar un mosteiro de carmelitas en Galicia. Morre en Compostela, neste mesmo mosteiro, pouco despois da fundación, en 1760.

O órgano do convento foi construído no ano 1868 polo organeiro natural de Palencia José Otorel. Otorel era, xa daquela, un organeiro cunha sólida traxectoria desde que entrara como aprendiz a traballar co anterior organeiro da catedral palentina, Leandro Garcimartín. Nesa catedral ocupará o cargo de organeiro desde 1838, cargo que continuaba a ocupar cando constrúe este órgano, como se pode ler na inscrición que se atopa no seu interior: *Hizo este órgano José Otorel Maestro Organero de la Sta Iglesia Catedral de Palencia en el año del Señor de 1868.* O órgano é un instrumento

adaptado para o uso dun coro conventual e, polo tanto, de proporcións modestas. Ten un teclado de 56 notas partido, como era habitual aínda nesa altura, con 8 rexistros en cada man, para poder usar timbres diferentes na parte aguda e na parte grave.

Este órgano de José Otorel é o único que, ata onde sabemos, construíu en Galicia. Porén, o seu fillo Juan Otorel, que herdaría o posto do pai na catedral de Palencia, construíu en 1883 un órgano para a igrexa parroquial de Verín. Este instrumento, froito da munificencia de José García Barbón, que era natural desa vila, desapareceu infelizmente no ano 2000. Tamén foi comisionado para reconstruír o órgano do convento do Carme de Padrón en 1888. Cómpre destacar que, desde séculos atrás, había unha especial conexión entre Galicia e os mestres organeiros da catedral de Palencia. Por exemplo, outro organeiro desa catedral, José de Arteaga, será o encargado de edificar os órganos barrocos da catedral de Lugo no ano 1703. Juan Francisco de Toledo, que ocupará o mesmo posto que Arteaga unhas décadas despois, fará unha fonda reforma dos órganos da catedral de Tui entre 1754 e 1755. Precisamente un organeiro galego natural de Tui, Antonio Rodríguez de Carbajal, será, pola súa vez, organeiro en Palencia entre 1725 e 1745.





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _ Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _ Comunidade de Carmelitas Contemplativos de Santiago de Compostela
- _ Carlos Álvarez Varela, párroco de San Miguel dos Agros
- _ Marisa Gontad Novo, sancristá de San Miguel dos Agros
- _ Ricardo Sanjurjo Otero, párroco de Santa María a Real do Sar
- _ Xan Gómez Viñas, socio traballador de NUMAX
- _ Arquivo Histórico Universitario da USC
- _ Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

Foto da capa e recursos interiores: mecánica do órgano da Igrexa da Universidade.





COLABORAN



NUMAX

